

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**6372** *Real decreto 271/2018, do 11 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.*

A Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, incorporou ao noso ordenamento xurídico as normas da Directiva 2012/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único, e que constitúen unha efectiva reordenación da lexislación ferroviaria europea.

Coa finalidade de completar a transposición da citada directiva, engádesse agora un novo punto ao artigo 45 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, sobre réxime contable dos administradores de infraestruturas ferroviarias e empresas ferroviarias, que incorpora ao noso ordenamento xurídico o que se dispón no artigo 6.4 da Directiva 2012/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único.

Así mesmo, mediante unha disposición adicional única trasponse o contido das frases segunda e terceira do artigo 56.12 e do anexo VIII da citada directiva, sobre requirimento de información contable pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aos administradores de infraestruturas ferroviarias, empresas ferroviarias e candidatos.

Aproveitando estas modificacións, considerouse conveniente engadir un novo punto ao artigo 63 do Regulamento do sector ferroviario, co fin de precisar as exixencias contidas no seu artigo 58.4, en relación coa axeitada cobertura dos danos ás persoas, á infraestruturas ferroviaria ou a terceiros a que están obrigados os propietarios de vagóns de mercadorías ou de coches de viaxeiros que entreguen estes ás empresas ferroviarias para o seu transporte.

Por último, no contexto de apertura de mercado dos servizos nacionais de transporte de viaxeiros por ferrocarril que dispón a Directiva (UE) 2016/2370 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, que modifica a Directiva 2012/34/UE, no que atinxe á apertura do mercado dos servizos nacionais de transporte de viaxeiros por ferrocarril e ao goberno das infraestruturas ferroviarias, suprímese a disposición transitoria quinta do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, sobre a prestación do servizo de mantemento de material rodante.

A norma adecúase aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Por un lado, pretende dar cumprimento á obriga de transposición de normativa comunitaria. Por outro lado, ofrece maior seguridade xurídica aos propietarios de coches de viaxeiros e de vagóns de mercadorías pois garante maior uniformidade no cumprimento das súas obrigas ao velar, en última instancia, polos usuarios deste tipo de transporte. Por último, contribúe a facer máis efectiva a apertura do mercado dos servizos nacionais do transporte de viaxeiros por ferrocarril, de conformidade coa normativa comunitaria.

A norma non prevé cargas administrativas adicionais; límitase a concretar a aplicación das previstas na propia directiva que é obxecto de transposición, de forma que se garante o principio de eficiencia.

En aplicación do principio de transparencia, durante a tramitación desta norma seguiuuse o disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ademais de posibilitar a participación activa dos destinatarios mediante o proceso de consultas a que se someteu a iniciativa.

En cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao preceptivo trámite de consulta e audiencia mediante a súa posta á disposición dos sectores afectados na sede electrónica do Ministerio de Fomento. O texto enviouse, entre outros, ao Consello Nacional de Transportes Terrestres, ás entidades representativas do sector ferroviario e aos órganos competentes das comunidades autónomas.

O presente real decreto dítase en virtude da habilitación para o desenvolvemento normativo que establece a disposición derradeira terceira da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de maio de 2018,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.*

Suprímese a disposición transitoria quinta do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, que queda sen contido.

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro.*

O Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un número 2 ao artigo 45 coa seguinte redacción:

« 2. En ningún caso se poderá producir unha transferencia, destinada á administración da infraestrutura ferroviaria, dos fondos públicos aboados ás empresas ferroviarias pola explotación dos servizos de transporte, nin á inversa.

Os administradores de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias deberán confeccionar as súas respectivas contabilidades de maneira que permitan controlar o cumprimento da referida prohibición, así como o axeitado control da utilización dos ingresos dos cargos de infraestrutura e excedentes doutras actividades comerciais, e deberán levar e publicar por separado os seus balances e contas de perdas e ganancias.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 63, que queda redactado do seguinte xeito:

« 1. Cumprírase, conforme o artigo 53.2 da Lei do sector ferroviario, o requisito de cobertura da responsabilidade civil da empresa ferroviaria se, no momento de inicio das actividades para as cales o faculta a licenza e durante o seu desenvolvemento, dispón dun seguro ou dun afianzamento mercantil que cubra:

a) Os danos aos viaxeiros, ás súas equipaxes, ao correo e á carga transportada.

b) Os danos ás infraestruturas ferroviarias, aos trens e a terceiros, persoas ou bens, afectados.»

Tres. Engádesse un número 7 ao artigo 63 coa seguinte redacción:

«7. Considerarase que os propietarios de coches de viaxeiros que entreguen estes ás empresas ferroviarias para o seu transporte cumpren co disposto no artigo 58.4, en relación cos danos aos viaxeiros, se teñen contratado un seguro de responsabilidade civil ou constituído un afianzamento mercantil que cubra en todo

momento unha responsabilidade mínima por sinistro de 3.000.000 de euros, e en relación cos danos que poidan sufrir as súas equipaxes, polo menos unha responsabilidade de 14,50 euros por quilogramo bruto que falte ou se dane, cun máximo de 600 euros por viaxeiro.

Considerarase que os propietarios de vagóns de mercadorías que entreguen estes ás empresas ferroviarias para o seu transporte cumpren co disposto no artigo 58.4, en relación cos danos á carga transportada, sempre que os contratos asinados cos seus clientes inclúan unha cláusula en que se pacte libremente entre as partes a contraprestación que se deba satisfacer no devandito suposto.

Considerarase que os citados propietarios de coches de viaxeiros ou vagóns de mercadorías dispoñen de cobertura abonda para responder dos danos á infraestrutura ferroviaria ou a terceiros se teñen contratado un seguro ou constituído un aval que cubra, en todo momento e por sinistro, as seguintes cantidades:

- a) Por danos á infraestrutura: 2.000.000 de euros.
- b) Por danos aos bens de terceiros: 500.000 euros.
- c) Por morte ou lesión de terceiros que non sexan viaxeiros doutras empresas ferroviarias: 900.000 euros.

No caso de transporte de mercadorías perigosas, as coberturas garantidas deberán ser o dobre que as previstas nas letras b) e c).»

Catro. Engádesse unha disposición adicional única coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Requirimento de información contable.*

Coa finalidade de verificar o cumprimento das disposicións sobre información estatística e contable, en particular as contidas no artigo 58 da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, e no artigo 45.2 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de conformidade coas funcións que lle outorga a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poderá pedir aos administradores de infraestruturas ferroviarias, explotadores de instalacións de servizo e ás empresas ferroviarias e candidatos toda clase de datos e informacións de que dispoñan, en particular, a información contable que se detalla a seguir, segundo se considere necesario e proporcionado:

1. Separación de contas:

- a) Contas de perdas e ganancias e balances separados para as actividades de carga, viaxeiros e xestión de infraestruturas.
- b) Información pormenorizada sobre as diversas fontes de financiamento público e os seus usos, así como doutras formas de compensación, de maneira detallada e transparente; incluírase aquí unha descrición detallada dos fluxos de tesouraría das actividades da empresa, co fin de determinar de que xeito se gastaron estes fondos públicos ou formas de compensación.
- c) Categorías de custos e beneficios que fagan posible determinar se se produciron subvencións cruzadas entre diferentes actividades, tendo en conta para iso os requisitos do organismo regulador.
- d) Metodoloxía utilizada para asignar custos entre diferentes actividades.
- e) Cando a empresa regulada forme parte dunha estrutura de grupo, información detallada sobre os pagamentos entre empresas.

2. Supervisión dos canons ferroviarios:

- a) Diferentes categorías de custos, especialmente achegando suficiente información sobre os custos directos/marxinais dos diferentes servizos ou grupos de

servizos, de tal maneira que se poidan supervisar os canons pola utilización de infraestruturas.

b) Información suficiente, de tal maneira que se poidan supervisar os distintos canons pagados polos servizos (ou grupos de servizos); se o exige o organismo regulador, incluírase información sobre os volumes dos distintos servizos, os prezos de cada un deles e os ingresos totais de cada servizo pagado polos clientes externos e internos.

c) Custos e ingresos dos distintos servizos (ou grupos de servizos) utilizando a metodoloxía de custos pertinente, segundo requira o organismo regulador, para detectar sistemas de canons potencialmente contrarios á competencia (subvencións cruzadas, tarifas predatorias e tarifas excesivas).

3. Indicación do rendemento financeiro:

- a) Unha declaración sobre o rendemento financeiro.
- b) Unha declaración resumida sobre o gasto.
- c) Unha declaración sobre o gasto en mantemento.
- d) Unha declaración sobre o gasto de explotación.
- e) Unha declaración dos ingresos.
- f) Unhas notas xustificativas que amplíen e expliquen as declaracións, cando proceda.»

**Disposición adicional única.** *Mencións.*

Todas as referencias á Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, contidas no Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, deberán entenderse feitas aos preceptos que corresponda da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

**Disposición transitoria única.** *Cobertura da responsabilidade civil dos propietarios de vagóns de mercadorías ou de coches de viaxeiros que entreguen estes ás empresas ferroviarias para o seu transporte.*

Os propietarios de vagóns de mercadorías ou de coches de viaxeiros que entreguen estes ás empresas ferroviarias para o seu transporte que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, teñan cuberta a súa responsabilidade civil en contía inferior á que se establece no artigo 63.7 do Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, poderán continuar a súa actividade sen aumentala ata o día 1 de xullo de 2019, data a partir da cal estarán obrigados a cumprir o que no mencionado precepto se dispón.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Derrógase a disposición transitoria cuarta da Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do devandito material.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto na regra 21.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencias sobre ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

**Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o contido do artigo 6.4, das frases segunda e terceira do artigo 56.12 e do anexo VIII da Directiva 2012/34/UE do

Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Fomento,  
ÍÑIGO JOAQUÍN DE LA SERNA HERNÁIZ